


Árbore
Senlleira de
Padrón

Idade aproximada: 50-100 anos
Medidas aproximadas:
Altura: 1,48 metros
Diámetro troncal: 0,50 metros
Anchura copa: 1,20 metros



ÁRBORE DO AMOR COROA DE CRISTO *Cercis siliquastrum*

SABÍAS QUE...? É chamada a Coroa de Cristo, polo entrelazado natural circular das súas ramas; Árbore do amor, por ter follas con forma de corazón; e Árbore de Judas, porque segundo a crenza popular, Judas Escariote púidose afoogar empregando unha árbore desta especie.

Especie das máis representativas do Xardín Botánico Artístico de Padrón, captando a atención de todos os visitantes, pola súa peculiar morfoloxía, non sendo das máis antigas, pero si das máis especiais. As 3 ramas principais se ramifican profusamente e de forma enmarañada para configurar unha estrutura singular ou armazón vexetal, de perfil redondeado, coñecida como "Coroa de Cristo".

É unha especie arbórea da familia das leguminosas (Fabaceae). É nativo da zona norte do Mediterráneo, dende Francia ata Oriente Próximo. Introducido en Europa Central, África tropical e Norteamérica.

Nome común: Árbol del amor, Árbol de Judas, Corona de Cristo (cast.); Árbore do amor, Coroa de Cristo (gal.); Judas tree (ing.).

Etimoloxía:

- *Cercis*: nome xenérico que deriva do grego antigo "kerkis", que designaba ao Ciclamor
- *siliquastrum*: epíteto que pode ter dúas acepcións, ben facer referencia ao tipo de froito que posúe, unha silicua, ou ben que está formado pola voz latina silique, algarrobo e o sufixo astrum, parecido, ou sexa parecido ao "algarrobo"

Descrición da especie: Árbore pequena caducifolia que acada normalmente de 5 a 7 m de altura. A principios da primavera cóbrese de flores rosas, que aparecen antes que as follas. O tronco é de madeira lisa e clara, tornándose tortuosa e negra coa idade. A copa é aberta e irregular. As follas son simples, alternas, glabras, forma de ril ou cordiformes, con pecíolo máis curto que o limbo. Son de cor verde claro no feixe e de ton lixeiramente glauco (gris-azulado) no envés. As follas novas poden ter unha tonalidade rosada, e aparecen tarde, xa en abril. As flores agrúpanse en fascículos densos. Aparecen antes que as follas, sobre ramas grosas e até o tronco principal. Cáliz curto e de cor rosa pálido. Pétalos rosas ou púrpuras. Os froitos son legumes indehiscentes comprimidas lateralmente, de cor pardo-escuro. Maduran en xullo e permanecen na árbore ata a seguinte floración.

